



CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en aloxamentos turísticos INE
Febreiro 2021

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de febreiro de 2021**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento turístico da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2020 e anteriores.

O 25 de outubro do pasado ano 2020 declárase un segundo estado de alarma en todo o estado con restricións de mobilidade, confinamento perimetral e peche gradual da actividade na hostalería en diferentes comunidades autónomas e municipios de España, tamén en Galicia. Tal situación continúa en vigor neste segundo mes de 2021, momento no que ademais se acentúa a terceira onda da pandemia e, en consecuencia, se toman medidas restritivas de peche da hostalería e confinamento municipal, entre outras, en toda a comunidade desde finais de xaneiro.

Nese contexto o INE estima que neste mes abriron en Galicia algo máis de 1.800 establecementos de aloxamento turístico –dos preto de 2.400 que o fixeron no mesmo período do pasado ano- que ofertaron 40 mil prazas –das preto de 62 mil de febreiro de 2020-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 35%, isto é, neste mes ofertáronse dúas de cada tres prazas dispoñibles no mes de febreiro do pasado ano. Tal circunstancia mantén a tendencia do observado nos últimos meses de 2020, e mesmo acentúa o rexistrado en xaneiro.

Neste contexto aprécianse diferenzas entre segmentos. A oferta diminúe especialmente nos cámpings –nun 54%- así como no ámbito hoteleiro –nun 35%- e en turismo rural –nun 38% neste caso-. Nos apartamentos turísticos, en cambio, a oferta mantense relativamente estable con pouco máis de tres mil prazas neste mes de febreiro.

Amósanse a continuación os principais resultados deste segundo mes de 2021.


FEBREIRO 2021

Tab 1. Viaxeiros, noites, estada media e grao de ocupación nos establecementos regrados

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIRO		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	Nº	Var. Int. 21/20	%	Var. Int. 21/20
HOTEIS	36.481	-80,3%	70.737	-78,2%	1,94	10,6%	11,21%	-19,53
PENSIÓNS	4.107	-80,9%	27.196	-58,0%	6,62	119,6%	10,26%	-6,79
ESTAB. HOTELEIROS	40.588	-80,4%	97.931	-74,9%	2,41	28,0%	10,93%	-16,18
APTOS. TURÍSTICOS	1.083	-81,3%	8.640	-50,6%	7,98	164,3%	10,71%	-8,33
CÁMPINGS	85	-64,0%	192	-51,1%	2,26	35,6%	5,39%	0,61
TURISMO RURAL	290	-94,7%	760	-90,8%	2,62	73,0%	1,00%	-5,44
ESTAB. EXTRAHOTEL.	1.458	-87,3%	9.592	-63,2%	6,58	188,8%	-	-
TOTAL	42.046	-80,7%	107.523	-74,2%	2,56	34,2%	-	-

- En termos xerais a conxuntura turística no aloxamento turístico en Galicia neste segundo mes de 2021 segue o mesmo patrón observado nos últimos meses do pasado ano 2020 e en xaneiro. No será ata marzo, cando se cumpra un ano das primeiras medidas restritivas de loita contra a pandemia, cando se vexa un cambio de tendencia en termos interanuais. De momento a dinámica mantense estable con caídas tanto no nivel de oferta dispoñible como de demanda e ocupación en comparación co mesmo período do pasado ano.
- Así, no pasado mes de febreiro obsérvase un comportamento negativo da demanda turística regrada no conxunto da comunidade. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados cae nun 81% e o volume de noites nun 74% en relación ao mesmo período do anterior 2020.
- Este descenso non ten precedentes na serie histórica e leva, por tanto, a rexistrar mínimos de demanda neste segundo mes do ano con 42 mil viaxeiros aloxados e máis de 107 mil noites.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de febreiro 2012-21




- Cae a demanda por segunda vez neste ano pero por décimo segunda vez de forma consecutiva – desde o mes de marzo por mor da crise provocada polo Covid19-. Os últimos datos positivos retráense aos primeiros dous meses de 2020 cando se superaban os niveis de demanda do anterior 2019.
- Desde a óptica do volume as variacións deste mes tradúcense, nun sentido estrito, na perda de algo máis de 176 mil viaxeiros aloxados e de 308 mil noites en comparación coas cifras de febreiro de 2020.
- A nivel estatal obsérvase igualmente un comportamento negativo, con descensos xeneralizados de notable intensidade. No conxunto de España a caída sitúase no 82% para a cifra de viaxeiros aloxados e no 84% para o volume de noites.
- A nivel das comunidades autónomas as caídas son tamén xeneralizadas e de notable intensidade. Cun descenso do 45% Navarra marca a porcentaxe menos acusada e notoria. É, en consecuencia, o destino de mellor comportamento en termos relativos. Sitúase a continuación

Castela A Mancha, cunha caída do 68% Os restantes destinos presentan descensos superiores ao 70% interanual, con sete en particular que rexistran descensos por encima do 80%, isto é, apenas conseguen reter neste ano o 20% do total da demanda que tiñan en febreiro do pasado 2020. Os peores datos corresponden neste mes ao destinos insulares, Canarias e Baleares – ambos con descensos superiores ao 90% interanual, isto é, conseguen reter menos do 10% das noites rexistradas en febreiro de 2020-.

- En todas as comunidades a caída da demanda provén de descensos parellos e acusados da cifra de viaxeiros aloxados, en boa parte dos casos amortiguados por melloras da estadía media.
- O comportamento negativo é xeneralizado, isto é, atinxe a todas as tipoloxías de aloxamento e a todos os destinos considerados, sen excepcións. Mantense a situación dos últimos meses mais contrasta co observado no verán, por exemplo, cando se apreciaban para algúns destinos concretos porcentaxes de mellora en termos interanuais nalgúns segmentos da demanda.
- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a oitava posición representando o 2,9% do total de España. Canarias é neste mes –por cuarta vez de forma consecutiva- o destino de maior peso en termos de demanda turística regrada con preto de 626 mil pernoctacións –o 17,1% do total-. Lidera o ranking estatal novamente neste mes de temporada baixa tal como acontecera en 2019 e en contraposición ao que se observa nos meses de verán –con Cataluña á cabeza dos destinos españois-.
- Logo de Canarias sitúanse a continuación Madrid –con preto de 565 mil noites-, a C. Valenciana –con 538 mil pernoctacións-, Andalucía –con algo máis de 532 mil- e Cataluña – con pouco máis de 463 mil neste caso-. Estas cinco comunidades agrupan neste mes ao 74% do total da demanda turística regrada do conxunto de España. Nun segundo grupo, por diante de Galicia, sitúase Castela e León con preto de 144 mil noites e o País Vasco con 113 mil noites.
- Despois de Galicia, con niveis algo inferiores, sitúanse Aragón e Murcia.
- O forte descenso rexistrado polos destinos insulares e sobre todo de Canarias, engadido ao importante volume de demanda que habitualmente acolle, leva a que xustamente esta comunidade presente neste segundo mes do ano unha perda importante da súa cuota de mercado dentro do panorama turístico estatal. En síntese, o descenso é de pouco máis de 16 puntos respecto do pasado ano. Perden tamén cuota de mercado Baleares e Andalucía –entorno a un e dous puntos respectivamente-.
- Os restantes destinos agás Asturias e A Ríoxa conseguen mellorar levemente a súa representatividade no conxunto do Estado –a pesar de que en termos de volume as caídas son xeneralizadas-.
- A perspectiva en termos de peso amosa que Madrid e a C. Valenciana son os destinos que neste contexto negativo conseguen incrementar en maior medida a súa cuota de mercado, superando en máis de seis puntos o primeiro e en tres puntos o segundo o seu peso en relación ao pasado ano. Nun segundo grupo, con melloras que se achegan a 1,5 puntos porcentuais, sitúanse Castela A Mancha e Navarra.
- A nosa comunidade sitúase nunha posición intermedia tanto no que respecta á caída da demanda en termos absolutos como na variación do peso respecto do pasado ano.


- En febreiro o 91% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 66%- coma ás pensións –co 25% neste caso-. O 9% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 8% da demanda total- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen apenas o 1% restante neste caso-.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regrado. Febreiro 2021




- Neste mes, tal como vén sendo habitual nun período de temporada baixa, os cámpings apenas teñen volume e peso no conxunto total da demanda. Representan o 0,2% do total.
- Esta estrutura é característica dun mes de temporada baixa se ben neste ano, por mor do comportamento rexistrado a raíz da crise do Covid19 no que os turistas optaron en maior medida por modalidades non hoteleiras fronte aos hoteis e pensións, obsérvase un menor peso relativo do segmento hoteleiro e, paralelamente, un maior peso do ámbito extrahoteleiro. A diferenza non é moi notable, cando menos non tanto como se apreciaba no verán e en setembro. En termos comparativos, no pasado ano o peso do segmento hoteleiro achegábase ao 94% do total da demanda.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Febreiro 2021/20, por tipoloxías



- En termos dinámicos obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo, con caídas xeneralizadas mais con diferenzas de intensidade. O nivel de demanda descende de forma máis acusada nos hoteis –cunha caída do 78%- e nos establecementos de turismo rural –cunha perda do 91% neste caso-. Nas restantes tres modalidades o descenso é de menor intensidade, situándose no 58% nas pensións e no contorno do 51% nos apartamentos turísticos e nos cámpings.
- O mellor dato dos apartamentos turísticos é unha característica que se vén observando nos últimos meses e corresponde en grande medida a un cambio de comportamento da demanda neste contexto de pandemia. Non en vano, en termos de oferta conseguen manter dispoñibles practicamente o mesmo volume de prazas do pasado ano, circunstancia que non acontece nas restantes tipoloxías.
- En todas as modalidades a caída da demanda provén de descensos parellos ou semellantes da cifra de viaxeiros aloxados amortiguados por melloras da estadía media, especialmente nas pensións e apartamentos turísticos. Así pois, a diferenza de intensidade no comportamento destas dúas modalidades vén máis polo lado da estadía media –que sobe de forma acusada- que pola dinámica da cifra de viaxeiros aloxados –máis homoxénea en todas as tipoloxías-.
- O descenso da demanda no ámbito hoteleiro supón a perda de 292 mil noites respecto de febreiro do pasado ano, cifra que supón o 95% do total da perda en termos absolutos. Concéntrase aquí, por tanto, a maior parte da caída deste mes. O 5% restante repártese nas outras tres modalidades: preto de nove mil noites menos nos apartamentos turísticos e máis de sete mil nos establecementos de turismo rural.


Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Febreiro 2021



- Neste mes de febreiro o 88% da demanda turística regrada corresponde ao turismo de ámbito nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 12% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e apenas difiren das rexistradas do lado dos viaxeiros aloxados –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 91% e o do internacional no 9%-.

- Esta distribución aseméllase bastante á rexistrada nos cinco últimos meses e, por segunda vez neste ano, aseméllase tamén á observada nos últimos anos nos que o peso do mercado nacional se sitúa sempre por encima do 80% do total da demanda. Contrasta isto co observado no verán e nos meses de setembro e outubro nos que o mercado nacional gañou peso de forma notable en termos interanuais por presentar mellor comportamento en termos relativos.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento negativo neste mes de febreiro, con descensos importantes e de similar intensidade nos dous segmentos considerados.
- O turismo de ámbito nacional cae un 72% como consecuencia esencialmente dun descenso da cifra de viaxeiros españois, do 79%. Neste contexto mellora a estadía media do viaxeiro nacional, nun 32% en particular, situándose preto de 2,5 noites. Con isto o mercado nacional rexistra algo máis de 94 mil noites neste mes de febreiro, a cifra máis baixa de cando menos este século.
- O turismo internacional presenta igualmente un comportamento negativo cun descenso global do 90% na cifra de viaxeiros estranxeiros e do 83% no volume de noites. Son neste caso preto de 13 mil noites, dato que se sitúa en mínimos da serie histórica –en febreiro do pasado ano rexistráranse preto de 78 mil noites-. Neste contexto o viaxeiro estranxeiro amosa tamén un incremento da estadía media nos establecementos regrados de Galicia, superando nun 71% a cifra de febreiro do pasado ano e colocando o nivel final en 3,6 noites. No segundo mes de 2020 situábase en 2,1 noites.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernactacións por procedencia, nos estab. regrados. Febreiro 2021/20




- O comportamento dos dous segmentos de mercado é igual de negativo nas diferentes tipoloxías de aloxamento, aínda que as caídas difiren en intensidade. Tendo en conta os dous grandes grupos obsérvase que o mercado nacional descende un 73% no ámbito hoteleiro e un 60% no extrahoteleiro. O turismo internacional cae tamén nas dúas tipoloxías pero con maior intensidade, un 84% no hoteleiro e un 81% no extrahoteleiro.
- Os descensos non teñen por tanto a mesma magnitude pero tampouco a mesma explicación. A situación actual da pandemia ten consecuencias dispares para os dous segmentos, pois afecta ao

mercado en orixe no caso do turismo internacional –obriga de cuarentena á volta da viaxe, restricións de mobilidade,..- mais no caso do segmento nacional o que provoca é, ademais dunha menor caída das viaxes a Galicia, un cambio de preferencias optando principalmente por modalidades como os apartamentos turísticos aos hoteis ou turismo rural –dentro do ámbito dos aloxamentos que aquí se analizan-.

- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase preto de 2,6 noites, cifra que supera nun 34% o dato do pasado ano 2020. A suba é importante e reforza dalgunha maneira a tendencia que se viña rexistrando nos últimos anos de mellora progresiva pero suave. Desta maneira a cifra final deste segundo mes de 2020 sitúase en máximo da serie histórica –nos últimos nove anos a estadía media ficaba por debaixo das dúas noites-.
- Neste mes apréciase dous grandes grupos de aloxamentos segundo a estadía media. Por unha banda, sitúanse as pensións e os apartamentos turísticos –con 6,6 e 8,0 noites respectivamente- rexistrando cifras notablemente elevadas e distantes coas outras modalidades. Por outra banda están os cámpings e os establecementos de turismo rural, ambos con máis de dúas noites –en concreto, 2,3 noites os primeiros e 2,6 noites os segundos-.
- A distancia dos anteriores sitúanse os hoteis, a modalidade que rexistra a cifra máis baixa con menos de dúas noites neste mes de febreiro.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Febreiro 2021




- En termos dinámicos a estadía media mellora en todas as tipoloxías, con diversa intensidade. Os incrementos son porcentualmente inferiores nos hoteis –cunha suba do 11%- e nos cámpings –do 36%-, máis notorios nos establecementos de turismo rural –do 73%- e moi acusados tanto nas pensións coma nos apartamentos turísticos –segmentos nos que se superan en máis do dobre as cifras de febreiro do pasado ano-.
- A estadía media en Galicia sitúase nunha posición media en relación ás restantes comunidades autónomas. A C. Valenciana, con 4,8 noites de media, marca o valor máis elevado neste mes de febreiro –tal circunstancia acontece por vez primeira nos últimos anos pois tradicionalmente é Canarias o destino que presenta sempre a cifra máis elevada, moitas veces con diferenza

respecto das demais comunidades-. No lado contrario é Cantabria o destino que presenta a cifra máis baixa, con 1,7 noites neste caso.

- En termos dinámicos a estadía media presenta un comportamento positivo xeneralizado a nivel das comunidades autónomas, con incrementos de diversa intensidade en trece delas –sendo Asturias e Galicia os destinos que presentan as subas máis notables, do contorno do 35% interanual- e descenso nas catro restantes –Andalucía, Cantabria, Baleares e Canarias, destino este último que marca a caída máis notoria cun 37% menos que no pasado ano-.
- Desde o punto de vista da ocupación a dinámica é parella. Obsérvase un descenso xeneralizado en todas as modalidades pero con diferenzas de intensidade entre os hoteis –que amosan unha caída próxima aos 20 puntos porcentuais- e as restantes modalidades. Neste segundo grupo as diferenzas son estreitas, cun descenso de máis de cinco puntos nos establecementos de turismo rural, de case sete puntos nas pensións e de algo máis de oito puntos nos apartamentos turísticos.
- Nos cámpings a cifra mantense estable mais atinxe a un volume baixo e pouco representativo da demanda.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Febreiro 2021



- Neste mes os hoteis recuperan o nivel de ocupación máis alto do conxunto da oferta regradada, se ben con pequenas diferenzas sobre as pensións e apartamentos turísticos –en xaneiro, por exemplo, presentaba porcentaxes inferiores-. A grandes trazos, máis ben agora en febreiro distínguense dous grupos de aloxamentos: aqueles que teñen unha ocupación media do contorno do 11% -hoteis, pensións e apartamentos turísticos- e aqueles que presentan unha porcentaxe inferior, insólita no caso dos establecementos de turismo rural por ser demasiado baixa –co 1,0% de media neste mes-.
- En calquera caso, as porcentaxes acadan valores nunca vistos e dificilmente poden soste-lo unha actividade nestas circunstancias por un período longo de tempo.